

“CANTO MÁIS PERSOAL E HONESTA É A HISTORIA QUE CONTAS, MÁIS UNIVERSAL SERÁ” O CINEMA DE PEQUE VARELA

Por Arturo Losada

Entrevista publicada orixinalmente en www.acuartapareda.com

Peque Varela (Ferrol, 1977), galega afincada en Londres, escolleu para expresarse o camiño do cine de animación. Ten unha produción relativamente escasa ás súas costas, pero todo o que saíu da súa sala de montaxe logrou cautivar á crítica. A curtametraxe que lle serviu como traballo de fin de carreira na Universidade de Westminster, *1977*, chegou a presentarse no Festival de Sundance, feito que deu a coñecer o seu nome. Dende aquela, ten realizado diversos traballos de encargo, varios deles para a MTV, e montou os títulos de crédito do filme de Tim Burton, *Sweeney Todd*. No Festival de Xixón de 2010, presentou o seu segundo traballo persoal de cara ao público, *Gato Encerrado*. Aproveitando una visita de Nadal ao Ferrol onde medrou, ten lugar esta entrevista.

E logo, o de traballar para Hollywood e Tim Burton?

Pois, de rebote... Vale, debería dicir "Ah, si, Tim, mi amigo", pero aquí non me estou vendendo. Richard Morrison, que é un home que leva moitos anos facendo secuencias de créditos, tiña o encargo para *Sweeney Todd*, e chegou a min a través da compañía na que traballo. Agradecín a posibilidade de facer algo creativo, estiven uns meses colaborando con él no tema, e é un señor moi agradable, pero a Tim Burton nin o vin sequera.

Non require moita creatividade o teu traballo?

É un traballo de vender chourizos. Non poño nada emocionalmente, pero paga as facturas, e paga o tempo. Podo traballar unha semana, e co que me dan, podo logo facer as cousas que realmente me interesan.

Diso que che interesa, que será o próximo que veremos?

Pois non o sei, hai varias cousiñas. Canto atope algo que pague a pena compartir, poñereino nun formato visible.

Cando tiveches claro que o teu ía ser facer cine?

Pois... (fica pensando). Quizais cando cheguei a Londres e vin que había posibilidades reais... Xa dende pequerrecha andei sempre arredor das cámaras, a facer curtas, por xogar. O que pasa e que

aquí o que me dicían é que ser artista non me ía dar pan. Así que fun facer a selectividade, e grazas que non a aprobei.

Teríache cambiado a vida?

Miro cara atrás, e decátome de que era moi inmadura. De ter aprobado, seguramente remataría por estudar algo por inercia, porque é o que fai todo o mundo. Tería escollido aquilo para o que me dese a nota de marras, fose o que fose. Así que grazas que non a pasei, porque foi o que me levou a buscar oportunidades fóra.

E alí soltouse a artista...

Coñecín que había formación específica, que era unha cousa seria da que a xente podía vivir.

Que te encamiñou cara a animación?

De nena, ademais de andar sempre coa cámara, non paraba de facer garabatos. Gustábanme moito os cómics e as novelas gráficas, onde se narra con imaxes, ao igual que no cine. En Londres, puiden ver o que se estaba a facer, e pareceume unha marabilla a posibilidade de combinar as linguaxe gráfica coa cinematográfica. Para min, foi a combinación de dous hobbyys.

Como foron os primeiros pasos en Londres?

Tiven sorte. Caín na casa dunha mugardeza, que levaba moitos anos alí, e guioume nos pasos a seguir para estudar unha carreira, e conseguí axudas. Traballei e estudei durante catro anos, foi duro, pero con alegría. Mellor que estar nun banco de Ferrol, comendo pipas. Lembro que o pouco despois de marchar a primeira vez, ocorrera o accidente da Ponte das Pías, cando un barco o partiu en dous. "Vaia, voume de Ferrol e é a primeira vez que pasa algo", pensei. Ese é o tipo de excitement que podes ter aquí. (Ri)

En todo caso, de Ferrol é de onde saen as experiencias que plasmas en 1977...

Do barrio de Caranza, e a vila de Ares, que foi onde eu me criei. A curta fala diso, de medrar, e de descubrir a propia sexualidade, fronte á que te asignan polo corpo que tes.

Foi difícil plasmar nunha película un problema tan persoal?

Non. Era necesario para min... Naquel tempo, estaba nunha habitación, comigo mesma, e tiña un ano por diante para facer algo que eu quixera ver. Na miña cabeza había moitos recordos que me chocaron cando nena, e tratei de ordenalos, para comprender por que foi tan confusa esa etapa da miña vida. ¿Como era posible que os de fóra non percibiran nada, que todo o levara por dentro?

Por onde empezou o proceso?

Pola parte gráfica. Quixen darlle a cada unha desas lembranzas, que no fondo representaban o mesmo sentimento, un estilo. De aí a experimentación técnica que marca 1977. Fun dende unha imaxe un pouco máis infantil ata a imaxe real, empreguei o cut-out nos momentos máis rotos. Foi como mesturar lembranzas con soños, e fíxeno sen unha idea preconcebida, sen medo ao que poida pasar. O que fixen foi botalo todo fóra, e despois miralo e reorganizalo.

Empregaches son, pero non voz. Por que?

Fago un uso simbólico do son. Trouxen o equipo da escola a Ferrol, e pasamos cinco días sacando fotos, vídeos e gravando o ambiente. As gaivotas no Ferrol vello, por exemplo, escóitanse ao comezo da película, e ao montalo así, tiveron a idea de convertelas nun elemento narrativo. Os paxaros aparecen no que escribe a nena no seu caderno, que logo lle corríxen: "Non estas nas nubes, tes que estudar!". Iso foi inspirado polo son.

Como chegou a Sundance a historia dunha nena en Ferrol?

Porque fala de sentimentos universais. Non é unha película turística sobre a cidade, é un filme sobre persoas. Nin sequera tes por que ser gay para entendela. Todos medramos con algún complexo, e por iso creo que todos poden entender o que conta 1977. Canto máis persoal e honesta sexa a historia que contas, máis universal será. Cando empezas a xeneralizar, aí é cando te perdes. Nótase cando ves traballos que son sinceros.

E a historia de *Gato Encerrado*? Como naceu?

Era algo que quería retomar, dos tempos da escola de cine. Ía facer algo en colaboración cun rapaz inglés, e deunos por buscar unha historia de gatos. "Teñen sete vidas", dixen eu. "Non, teñen nove", respondeu. Fixemos algo moi amateur, pero quedei coa historia na cabeza, porque era boa.

A curta é menos experimental que 1977.

(Fica pensando) É outro enfoque. Tiñamos un tempo moi limitado, marcado pola subvención da Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais). Dous meses, para unha animación de cinco minutos. Tiña que facelo dunha maneira práctica e sinxela, porque xa o tema en si é un pouco enrevesado, e desta vez non era eu soa na miña habitación, senón que tiña un equipo de xente polo que responder. Quixen tamén facilitar a visión da historia, para chegar a un público máis amplo, que tanto meu pai como a miña sobriña pequena o puidesen entender.

E entendérona?

Si, creo que si. E cada un veu cousas diferentes na peli.

Realmente, *Gato Encerrado* comunica ideas moi complexas dun xeito moi sinxelo.

Esa é unha das cousas que me gusta da animación. Por esa capacidade, a propaganda soviética ou inglesa que se facía anos atrás a empregaban. Trátase dunha ferramenta que, á hora de dar certo tipo de información e facerse entender, funciona mellor que a imaxe real. Permite chegar á xente dende outro ángulo, onde non hai tantos obstáculos para a comprensión.

Cal foi a peza máis rabuda de montar?

O final. Tiña claro que remataría co momento filosófico no que o gato di que el existe porque vós o estades vendo, pero non era quen de facer entender iso sen ter que meter un montón de diálogo. Dinlle miles de voltas, ata que chegou o momento no que me chamaban da produtora: "Remata, que nolo reclaman dende a Agadic, para poñelo nun estante a comer po". Rematei por quedar coa montaxe como se pode ver agora, e estou satisfeita. Hai veces nas que ter un límite de tempo está moi ben, porque che marca un obxectivo. O malo é cando ten que valer calquera cousa.

Nótase moito traballo previo á hora de construír o mundo no que se enmarca esta historia. Esta cheo de elementos identificativos, como as cores, as rodas mecánicas, o logo do gato sorrinte...

O Big Brother, chámolle a ese (Ri). Aquí quixen responder á pregunta de por que este mundo é tan... inxusto. Tocoume ler, ver documentais, falar coa xente, e descubrir moitas realidades que non coñecía. Logo tiveron que comprimilo e condensalo todo e, claro, está a curta de detallinhos.

Como as chiscadelas ao gato de Schrödinger?

Alguén me explicou o dese gato unha vez, e decateime de que iso de non saber se estaba vivo ou morto encaixábame moi ben. O meu gato non sabe se é legal, ou se non, se ten ou non ten papeis... Iso é algo que me tocaba moi de preto.

A que te refires?

Temos que volver atrás. Respostarei outra vez. Que me impulsou a facer este filme? Estiven cunha rapaza de Colombia, hai uns anos. Estabamos felizmente xuntas, ata que chegou un día unha carta: "Mira, cambiou a lei e xa non damos visados de estudante para cursos dun ano, tes que facelos de tres, ou un máster". É dicir: "Xa non vale que me pagues mil libras ao ano, ou soltas 7.000 ou te vas do país". Foi un *shock*. O meu suposto dereito de formar unha familia, vai ben, pero só mentres sexa con europeos. Así que *Gato Encerrado* tamén xorde da rabia. Quixen facer unha película para non quedar calada, para sacar esa espiña...

Lográchelo?

Algo, pero agora me está a ocorrer o mesmo, con outra rapaza. Non te namores dunha colombiana (ri). É unha pasada o que teñen que mamar só por ter nacido alí. Machacámolos nos seus países, e se veñen canda nós, machacámolos máis. Non ten moito sentido, aínda que a maioría da xente non o vexa así. Veñen a quitarnos o traballo e a violar ás nosas fillas, segundo a prensa de dereitas. Vale, o sistema é inxusto, de acordo. Pero o máis chungo é que a xente non sexa capaz de ver a través de toda esta borralla.

Declaracións recollidas

o 2 de xaneiro de 2011 en Ferrol

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para manter o noso funcionamento, propoñemos unha aportación económica persoal:

Cota mensual traballadores/as: 5 Cota mensual estudantes e parados/as: 3

<http://blogaliza.org/cineclubedecompostela>
cineclubedecompostela@gmail.com